

Venres, 15 de setembro de 2023

Núm. 179

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SILLEDA

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023-2024

ANUNCIO

(Expte. 250/2023)

CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023-2024

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de marzo de 2023, acordou prestar aprobación as “Bases polas que se regula a convocatoria de becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2023-2024”, as cales foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 70 de data 12 de abril de 2023.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10 de agosto de 2023 acordou aprobar a convocatoria para a concesión de axudas por procedemento de concorrencia competitiva en materia de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación das bases, no Concello de Silleda que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio. Código de identificación asignado a BDNS: 715521

Abrese un prazo de 15 días contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, para que os interesados presenten as súas solicitudes no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, www.silleda.gal.

Silleda, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

